

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE XULLO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en segunda convocatoria, o día vinte e catro de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ e DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don Manuel Enrique Chaín Fernández, e asisten á sesión a Técnica de Administración Xeral adscrita ao Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, en substitución do Secretario Xeral do Pleno, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase desestimar o recurso de reposición presentado contra o Decreto número 13004273, do 2 de maio de 2013, polo que se lle desestimou a petición formulada para retrotraer o procedemento finalizado mediante Decreto 12003422, do 27 de abril de 2012, que resolveu deixar sen efecto a licenza de apertura da actividade de pub na rúa Mariña Española, número 10, baixo-dereita.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder a licenza de parcelamento para a agrupación das parcelas 7 e 8 do rueiro C, rúa das Cesteiras.

Acórdase rectificar o erro padecido no acordo número 8/462 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 26 de xuño de 2013, polo que se concedía licenza para parcelamento da parcela matriz sita no polígono 104, parcela 222, de Cima de Vila, número 6, Piúgos.

Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de edificación agrícola sita no núcleo rural de Vilachá, número 9, Labio; para a demolición da edificación sita na rúa Pintora Xulia Minguillón, número 5; para a demolición de tres edificacións sitas na rúa Monte Picato, números 2 e 4, e rúa Poeta Noriega Varela, número 32; para reforma de local de planta baixa para café bar no edificio sito na rúa do Progreso, número 36; e para a modificación de composición de fachadas do edificio de palleira existente, sito no solo clasificado no PXOU de aplicación como núcleo rural tradicional de San Vicente+Cortiña, número 2, parroquia de San Vicente de Pías.

Así mesmo, acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto

Código Seguro de verificación:KTCsiEydIStRVuAuMOGkEg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	26/07/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



KTCsiEydIStRVuAuMOGkEg==

29/2010, do 4 de marzo, a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa Montirón, número 17.

Tamén se acorda conceder a licenza de primeira utilización para legalización e reforma de nave industrial, sita na avenida Benigno Rivera, número 28, con licenzas de obra números 684/98, 1292/09 e 681/13.

### **ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**3. PERSOAL.-** Acórdase adiar, para un mellor estudo, a aprobación das bases dos procesos selectivos para a contratación temporal de dous xefes de brigada e de dez peóns condutores para a defensa contra incendios forestais.

### **ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares para a contratación da instalación, reinstalación e mantemento de xogos infantís, pavimento continuo de seguridade, valado e cartel indicativo nun espazo existente na urbanización do polígono número 1 de Paradai na cidade de Lugo, así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a aprobar definitivamente o expediente de mutación demanial subxectiva da parcela E 10 D do polígono Sur-K propiedade do Concello de Lugo a favor da Universidade de Santiago de Compostela para destinala como parcela para actividades de prácticas e investigación.


**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, con data do 3 de maio de 2013, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e de imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola instalación de ascensor para comunicar a planta baixa e entresollado no edificio sito na rúa Mar Cantábrico, 16.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Deputación, 7.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural e Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, Manuel Enrique Chaín Fernández.**

Código Seguro de verificación:KTCsiEydIStRVuAuMOGkEg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Manuel Enrique Chaín Fernández - TA Delegado Infraestruc. e Zona Rural	FECHA	26/07/2013	
ID. FIRMA	afirma.pro	KTCsiEydIStRVuAuMOGkEg==	PÁGINA	2/2

  
KTCsiEydIStRVuAuMOGkEg==